



A APDR REITERA A ESIXENCIA DE RESPONSABILIDADES POLOS VERTIDOS INCONTROLADOS AOS RÍOS GAFOS, LÉREZ E VERDUGO.

A aparición de novos vertidos nos ríos Gafos, Lérez e Verdugo, pon de manifesto unha volta máis a absoluta falta de control desde as administracións con competencia neste terreo; e, por desgraza, vennos dar a razón aos que non hai moito denunciabamos esta situación de impunidade e esixíamos unha solución definitiva ao problema.

Semella probada nalgún caso a autoría dos vertidos (a aparición de “placas de formigón” no colector do Gafos e o mal funcionamento da EDAR de Ponte Caldelas sinalaban respectivamente a responsabilidade da empresa que realiza as obras na Ponte do Couto e a da administración local daquela vila) e todo apunta á rotura dalgún colector ou ao mal funcionamento das redes de saneamento nos últimos vertidos. Pero, con independencia de cal sexa a orixe destes novos vertidos e, xa que logo, quen os seus responsables, a situación é absolutamente inadmisíbel e require unha solución definitiva. A frecuencia e impunidade coa que se producen vertidos nos nosos ríos esixe das administracións autonómica e local tanto a eliminación das causas como a persecución e sanción dos responsábeis. Que o colector do Gafos está inservíbel, que recolle vertidos indebidamente, e que debера seren substituído por outro de maior capacidade é algo dabondo coñecido. Neste sentido, desde a APDR agardamos que a solución ao colector do Gafos non se dilate eternamente no tempo e esiximos da administración local e autonómica que, dunha vez por todas, acometan as súas funcións e fagan as cousas dun xeito radicalmente distinto a como se fixeron no seu día, evitando non só a aparición de novos vertidos, senón tamén o impacto ambiental ao río e o impacto visual das novas instalacións.

Desde a APDR esiximos a eliminación de todos os vertidos fecais e industriais aos nosos ríos, a vixilancia extrema e a sanción aos responsábeis dos vertidos contaminantes e ilegais alí onde se produzan, e a recuperación dos valores ambientais, paisaxísticos e de lecer que os nosos ríos teñen e que contribúen a mellorar a calidade de vida na comarca. Neste sentido, reiteramos máis unha vez a necesidade de eliminar todas as tubaxes que –polo seu desaxeitado deseño e emprazamento- provocan un forte impacto visual; é o caso do colector da marxe dereita do río Lérez, un colector que non chegou nunca a seren utilizado e que sigue aparecendo espallado pola beira do río danando a vista e a sensibilidade a todas cantas persoas alí se achegan. Para a APDR, como colectivo ecoloxista, é fundamental recuperar a riqueza medioambiental dos nosos ríos para así fomentar tamén o achegamento das persoas ao seu contorno natural e á defensa da natureza, para que dunha vez por todas a cidadanía deixe de vivir de costas aos ríos e á ría e asuma o seu dereito a gozar duns valores naturais que moitos outros quixeran para si.

Resulta especialmente lamentable que moitos destes vertidos se estean a producir por un funcionamento negligente das administracións locais, pero resultaría máis lamentable se cabe que estes sucesos puideran saldarse sen a correspondente sanción aos responsábeis. Neste sentido, na APDR seguimos agardando a resolución xudicial da nosa denuncia polo vertido de produtos químicos ao río Verdugo e non desbotamos a posibilidade de acudir aos tribunais de xustiza para que estes novos vertidos sexan investigados e non queden impunes.

En Pontevedra a 11 de setembro de 2009, e en representación da APDR, asinado Antón Masa.